



DATOS IDENTIFICATIVOS

Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I

Materia	Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte I			
Código	P02G050V01501			
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Rey Cao, Ana Isabel			
Profesorado	Rey Cao, Ana Isabel			
Correo-e	anacao@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral

A didáctica é o ramo das Ciencias da Educación que ten por obxecto a optimización do proceso ensino-aprendizaxe (E-A) en prol do perfeccionamiento do Ser Humano.

O obxectivo fundamental desta materia é facilitar ao alumnado os coñecementos básicos para desenvolver con rigor didáctico a programación dun proceso de ensino-aprendizaxe a través das expresións motrices.

A Didáctica é un contido transversal indispensable para a práctica profesional dos graduados en Ciencias da Actividade Física e o Deporte. Está presente en todo proceso de E-A, con independencia do ámbito onde se desenvolva: rendemento deportivo, ocio, educación ou saúde.

Nesta aproximación inicial (no segundo cuadrimestre do mesmo curso impártese Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe na actividade física e o deporte II) abórdanse os principais elementos do sistema que constitúe unha programación educativa. A materia aporta as ferramentas coas que posteriormente poder adaptarse a calquer proceso de ensino-aprendizaxe en contextos non formais (docencia en actividades extraescolares, escolas deportivas, asociacións, centros socioculturais, academias, etc.) e formais (educación física escolar).

A materia céntrase na dimensión máis instructiva dos procesos de E-A, no deseño e orquestración das tarefas de E-A para a optimización da presentación dos contidos en coherencia coas competencias, obxectivos; e os métodos de control da disciplina, espacio e comunicación.

Competencias

Código	
B1	Conceptualización e identificación do obxecto de estudo das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B2	Coñecemento e comprensión da literatura científica do ámbito da actividade física e o deporte.
B11	Coñecemento e comprensión dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.
B12	Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) ao ámbito das Ciencias da Actividade Física e do Deporte.
B13	Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.
B15	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino- aprendizaxe relativos á actividade física e do deporte, con atención ás características individuais e contextuais das persoas.
B16	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica da actividade física e do deporte.
B18	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, aos diferentes campos da actividade física e o deporte.
B20	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde da práctica de actividades físicas inadecuadas.
B21	Capacidade para planificar, desenvolver e controlar a realización de programas de actividades físicodeportivas.
B23	Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo axeitado para cada tipo de actividade.
B25	Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.
B26	Adaptación a novas situacións, a resolución de problemas e a aprendizaxe autónoma.

C1	Capacidade para deseñar, desenvolver e avaliar os procesos de ensino-aprendizaxe relativos á actividade física e ao deporte con atención ás características individuais e contextuais das persoas
C2	Capacidade para promover e avaliar a formación de hábitos perdurables e autónomos de práctica de actividade física e deporte entre a poboación escolar
C3	Capacidade para aplicar os principios fisiolóxicos, biomecánicos, comportamentais e sociais, na proposta de tarefas nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte
C4	Capacidade para identificar os riscos que se derivan para a saúde dos escolares debido á práctica de actividades físicas inadecuadas
C5	Capacidade para planificar, desenvolver e avaliar a realización de programas de deporte e actividade física escolar
C6	Capacidade para seleccionar e saber utilizar o material e equipamento deportivo adecuado para cada tipo de actividade nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e do deporte

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Identificar os diferentes elementos do acto didáctico, como se articula a súa presenza na programación e entende-la relación que existe entre eles.	B15	C1
Conceptualizar o que é unha programación sistémica, os modelos didácticos fundamentais e os elementos que constitúen a ecoloxía dos procesos de ensino-aprendizaxe.	B1 B2	
Utilizar a plataforma de teledocencia para supervisar a guía docente, o guión do traballo e realizar a inscrición para o traballo por proxectos/microensino.	B12	
Empregar a web 2.0 para avaliar os procesos de E-A desenvolvidos na aula.		
Asimilar que a realización dunha boa programación é un factor fundamental para unha boa profesional da actividade física e o deporte.	B11 B13	
Comprender que a reflexión que acompaña á programación responde a un aspecto básico da deontoloxía profesional.	B11 B13	
Seleccionar, secuenciar e explicitar obxectivos para unha programación de forma sistémica e articulada en niveles de concreción.	B15 B21	C1 C5
Seleccionar, secuenciar e explicitar contidos para unha programación de forma sistémica e articulada en nivelis de análise epistemolóxico e psicopedagóxico.	B15 B16 B21	C1 C2 C5
Seleccionar e aplicar os métodos e técnicas didácticas máis acordes aos obxectivos, contidos, modelo didáctico e estratexia seleccionada na programación.	B13 B15 B16 B18 B20 B21 B23	C1 C2 C3 C4 C5 C6
Deseñar sesións a través da motricidade realizando unha elección e ordenación idónea dos elementos didácticos.	B15 B16 B18 B20 B21 B23 B26	C1 C2 C3 C4 C5 C6
Deseñar tarefas acordes aos obxectivos e contidos.	B15 B18 B20 B23 B26	C3 C4 C6
Realizar en equipo unha programación didáctica completa para unha intervención concreta.	B2	C1
Desenvolver unha intervención didáctica nun contexto facilitado, prestando especial atención ás habilidades comunicativas.	B12 B13	C2 C3
Aceptar as avaliacións externas e emprega-las como eixos de reflexión sobre a propia competencia didáctica.	B25 B26	C4 C5
Ser autocrítico/a coas habilidades didácticas.		C6
Desenvolver a capacidade de avaliación didáctica observando o desenvolvemento dos elementos do acto comunicativo na praxis dos procesos de ensino-aprendizaxe.		
Analizar sistémicamente a programación desenvolvida avaliando a súa coherencia estratéxica.		

Contidos

Tema

Bloque temático I. Aspectos conceptuais da didáctica dos procesos de E-A na actividade física e o deporte.	1. A didáctica. 1.1. Contextualización histórica. 1.2. Definición. 1.3. Obxecto, funcións e clases de didáctica. 1.4. Didáctica e currículo.
Breve descrición dos contidos (tomados do verifca da titulación): 1. Fundamentación teórica da Didáctica dos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte.	2. Os procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte. 2.1. Delimitación e epistemoloxía do concepto.
Bloque temático II. A programación nos procesos de E-A na actividade física e o deporte.	3. Concepción ecolóxica dos procesos de E-A na actividade física e o deporte.
Breve descrición dos contidos: 2. Elementos básicos na programación dos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte. 3. A coherencia na programación didáctica. 4. Programación dos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte no terceiro nivel de concreción ou programación a corto prazo. As unidades de programación.	4. A programación didáctica. 4.1. Concepto de programación. 4.2. Modelos de programación. 4.3. Características da programación. 4.4. Componentes da programación.
Bloque temático III. Principios, finalidades, competencias e obxectivos nos procesos de E-A a través das expresións motrices.	5. Tipos de obxectivos. 6. Tarefas do profesorado vencelladas aos obxectivos.
Breve descrición dos contidos: 5. Modelos para a intervención a través da actividade física e o deporte nos elementos presentes no terceiro nivel de concreción ou programación a corto prazo: tipos de obxectivos didácticos e competencias.	7. Taxonomías de obxectivos.
Bloque temático IV. Contidos nos procesos de E-A na actividade física e do deporte.	8. Os contidos. Tipos de contidos. 8.1. Os contidos na educación a través da motricidade. 8.2. Contidos abstractos ou epistemolóxicos. Taxonomías. 8.3. Contidos psicopedagóxicos. Taxonomías.
Breve descrición dos contidos: 5. Modelos para a intervención a través da actividade física e o deporte nos elementos presentes no terceiro nivel de concreción ou programación a corto prazo: os contidos.	9. Tarefas do profesorado vencelladas aos contidos.
Bloque temático V. Metodoloxía dos procesos de E-A na actividade física e o deporte.	10. Conceptos e elementos.
Breve descrición dos contidos: 5. Estratexias e métodos didácticos para a intervención a través da actividade física e o deporte nos elementos presentes no terceiro nivel de concreción ou programación a corto prazo. 6. A tarefa didáctica.	11. Actividades de ensino-aprendizaxe. 11.1. A tarefa didáctica. 11.2. Método de presentación da tarefa. 11.3. Formulación de tarefas. 11.4. Análise didáctico das tarefas motrices. 12. Métodos de práctica. 13. Métodos para a organización da sesión. 14. Métodos para a organización espacial e material. 15. Métodos para a formación e distribución de grupos. 16. Métodos para a xestión da disciplina.
Bloque temático VI. Habilidades do profesorado nos procesos de E-A na actividade física e o deporte.	17. Métodos para a comunicación. 17.1. Habilidades de comunicación. 17.2. Feedback.
Breve descrición dos contidos: 7. Habilidades do/a docente nos procesos de ensino-aprendizaxe a través da actividade física e o deporte.	

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas e/ou exercicios	36	36	72
Sesión maxistral	22	11	33

Traballos tutelados	1	10	11
Prácticas de laboratorio	14	0	14
Titoría en grupo	3	6	9
Actividades introductorias	3	0	3
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	3	4
Estudo de casos/análise de situacións	1	3	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	<p>Traballo individual e grupal de resolución de tarefas. A profesora presenta e exemplifica a tarefa e o alumnado resolve e plantexa dúbidas. En base a un suposto práctico no cal se especifica un contexto, colectivo, e duración dunha actividade, o alumnado realizará un fragmento da programación, especificando os seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formulación de obxectivos. A corrección realizarase na aula ou titoría. - Elaboración dunha matriz abstracta de contidos que desenvolverían para ese caso. A corrección realizarase na aula ou titoría. - Formulación de contidos psicopedagóxica para o suposto plantexado. A corrección realizarase na aula ou titoría. - Deseño de tarefas adecuadas ao suposto. <p>Explicitación de tarefas. En base a unha serie de criterios explicitados pola profesora [obxectivos, contidos, colectivo, método, etc.] explicitar con corrección tarefas didácticas. A corrección realizarase na aula ou titoría.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dunha progresión de tarefas para a aprendizaxe dunha habilidade motriz. En base a unha serie de criterios explicitados pola profesora [obxectivos, contidos, características alumnos/as, método, etc.] explicitar con corrección as tarefas didácticas axeitadas para a aprendizaxe da habilidade especificada. Utilizaranse como criterios para realiza-la progresión os canais perceptivo, decisional ou execucional. A corrección realizarase na aula ou titoría.
Sesión maxistral	Clases Maxistrais nas que se explican os fundamentos teóricos. O alumnado asimila e toma apuntes. Plantexa dúbidas e cuestións complementarias.
Traballos tutelados	- Deseño e desenvolvemento dunha intervención didáctica a través da actividade física e o deporte. Aplicación de microensinanza. Cada grupo de tres persoas (ou dúas, se así o indica a profesora) desenvolverá unha sesión según as características básicas determinadas na opción que lle sexa asignada. En cada unha delas abórdase especificamente un método didáctico. Tomando como base ese elemento didáctico o grupo deberá deseña-lo resto de elementos didácticos para constituí-la súa sesión. Esta sesión deberá ser impartida aos seus compañeiros e compañeiras nas aulas prácticas. É obrigación do alumnado manterse informado das posibles modificacións no calendario de prácticas. É obrigatorio realizar un mínimo de dúas titorías antes da realización da sesión. Unha delas será en hora de clase.
Prácticas de laboratorio	Nas aulas de laboratorio se experimentarán as tarefas motrices propostas e a realización dunha intervención docente. Participación nunha microensinanza. Os métodos desenvolvidos serán mando directo, asignación de tarefas, microensinanza, ensino recíproco-pequenos grupos, ensino modular, resolución de problemas, descubrimento guiado e grupais participativas (para as reflexións-análise do final da sesión).
Titoría en grupo	O alumnado presenta o desenvolvemento do seu traballo tutelado nun mínimo de tres titorías grupais.
Actividades introductorias	- Explicación do funcionamento da asignatura: Fatic, titorías, avaliación, etc. - Avaliación informal de coñecementos previos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Supervisión e discusión en titorías grupais e individuais sobre o traballo a desenvolver polo alumnado. Corrección personalizada dos exercicios. Revisión didáctica das probas de avaliación.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Traballos tutelados	Microensino: Programación e desenvolvemento dunha intervención didáctica a través da actividade física e o deporte. Os criterios son: - Entregar o borrador da sesión e a memoria final no prazo establecido. - Desenvolver o traballo cumprindo os requisitos formais e de contido esixidos. - Levar á práctica a sesión deseñada. - Asistir a dúas titorías para a revisión previa da sesión, e a clase onde se explica o método correspondente a esa sesión. - Deseñar e explicitar tarefas cumprindo os criterios solicitados (aplicación de métodos específicos). - Obrigatorio para todo o alumnado.	30		C1 C2 C3 C4 C5 C6
Prácticas de laboratorio	Control da participación nas clase de laboratorio. -Asistir e participar activa e criticamente no microensino cun mínimo do 80% das prácticas das horas dos grupos B. -A asistencia a máis de un 80% da docencia de aula de créditos B e C eximirá da realización do exame práctico final. -Este criterio non é de obrigado cumprimento para superar a materia, posto que o alumnado que supere o 20% de faltas poderá acceder a avaliación final mediante una proba dos créditos de laboratorio. - Calificación de apto/a ou non apto /a	10	B13 B15 B16 B18 B20 B21 B23 B25	
Titoría en grupo	Asistencia en grupo as titorías para a supervisión e discusión do traballo tutelado. - O alumnado debe asistir as titorías coas tarefas de control realizadas que se explicitan no guión do traballo. - Só se cualificará ao alumnado que asista.	20	B2 B11 B12 B25 B26	
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Desenvolvemento dunha intervención didáctica en grupo. O alumnado asumirá a docencia dun mínimo dunha actividade de ensino-aprendizaxe. Os criterios son: - Organizar a fase pre-activa. - Xestionar axeitadamente os recursos materiais e espaciais durante o desenvolvemento da sesión. - Implementar estratexias de disciplina e participación pasiva. - Desenvolver a fase reflexiva con criterios didácticos. - Adoptar unha actitude docente positiva.	10	B11 B26	C1 C2 C3 C4 C5 C6
Estudo de casos/análise de situacións	Defensa oral do traballo escrito. O alumnado responderá as cuestións realizadas pola profesora sobre á programación da sesión desenvolvida no traballo tutelado. En casos específicos, mediante negociación previa coa profesora, esta ferramenta de avaliación poderá ser substituída por un exame escrito de desenvolvemento.	30	B1 B2	C1

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a asignatura é imprescindible:

- acadar unha calificación mínima de 5 puntos.
- obter unha calificación mínima de 1,5 puntos na metodoloxía de traballo tutelado.
- realizar a proba práctica, de execución de tarefas reais.
- obter unha cualificación mínima de 1,5 puntos no estudo de casos/análise de situacións.

Nas convocatorias correspondentes a un mesmo curso académico, se conservan as cualificacións obtidas polo alumnado. Será necesario repetir as metodoloxías necesarias para conseguir os tres criterios anteriormente mencionados.

Os traballos para ser avaliados deben ser entregados estrictamente nas datas determinadas pola profesora, que serán comunicadas xunto coa proposta dos mesmos.

A entrega dos traballos será en formato papel, a excepción daqueles casos nos que se especifique o contrario. Cando o traballo non se entregue persoalmente á profesora, debe adxuntarse unha copia por correo electrónico simultaneamente a súa entrega na caixa de correos da facultade.

Bibliografía. Fontes de información

- Blández Ángel, J. (2000). Programación de unidades didácticas según Ambientes de aprendizaje. Barcelona: Inde
- Palao Andrés, J. M. y Ortega Toro, E. (2009). *Formas de organización en educación física*. Murcia: Diego Marín.
- Contreras, O.R. (1998). *Didáctica de la Educación Física. Un enfoque constructivista*. Barcelona: Inde.
- Devís Devís, J. & Peiró Velert, C. (1992): *Nuevas perspectivas curriculares en Educación Física: la salud y los juegos modificados*. Barcelona: Inde.
- Famose, J.P. (1992). *Aprendizaje motor y dificultad de la tarea*. Barcelona: Paidotribo.
- Florence, J., Brunelle, J. & Carlier, G. (2000). *Enseñar Educación Física en Secundaria. Motivación, organización y control*. Barcelona: Inde
- Fraille Aranda, A. (coord.) (2004). *Didáctica de la educación física: una perspectiva crítica y transversal*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Galera, A. (2001). *Manual de didáctica de la Educación Física I. Una perspectiva constructivista moderada. Funciones de impartición*. Barcelona: Paidós.
- Galera, A. (2001). *Manual de didáctica de la Educación Física II. Una perspectiva constructivista moderada. Funciones de programación*. Barcelona: Paidós.
- Gallego, J.L. y Salvador, F. (2005). Metodología de la acción didáctica en Medina y Salvador (coord), *Didáctica General* (pp.157-181). Madrid: Pearson.
- González Arévalo, C. (2005). El proceso de programación en la enseñanza de la actividad física y el deporte. *Apunts. Educación Física y Deporte*, 80, 20-26.
- González Arévalo, C. & Lleixà Arribas, T. (coords.) (2010). *Didáctica de la Educación física*. Ministerio de Educación, Instituto de Formación del Profesorado, Investigación e Innovación Educativa. Barcelona: Graó.
- López Pastor, V. (Coord.) (2001). La sesión en Educación Física: los diferentes modelos y los planteamientos educativos que subyacen. *Revista digital Educación física y deportes, año 7, 43*. Recuperado de <http://www.efdeportes.com/efd43/sesion.htm>
- López Pastor, V., Monjas Aguado, R., y Pérez Brunicardi, D. (2003). *Buscando alternativas a la forma de entender y practicar la educación física escolar*. Barcelona: Inde.
- Mosston, M., y Ashworth, S. (1993). *La enseñanza de la educación física. La reforma de los estilos de enseñanza*. Barcelona: Hispano Europea.
- Moreno-Murcia, J. A., Huéscar, E., Peco, N., Alarcón, E., y Cervelló, E. (2013). Relación del feed-back y las barreras de comunicación del docente con la motivación intrínseca de estudiantes adolescentes de educación física. *Anales de psicología*, 29(1), 257-263. doi:10.6018/analesps.29.1.161881
- Seners, P. (2001). *La lección de Educación Física*. Barcelona. Inde.
- Sicilia Camacho, A. (2001). *La investigación de los estilos de enseñanza en la educación física. Un viejo tema para un nuevo siglo*. Cádiz: Wanceulen.
- Sicilia Camacho, A. (2004). La interacción didáctica en educación. En A. Fraile (coord.), *Didáctica de la Educación Física. Una perspectiva crítica y transversal* (pp. 237-263). Madrid: Biblioteca Nueva.
- Sicilia, A.; Sáenz-López, P.; Manzano, J.I. y Delgado, M.A. (2009). El desarrollo curricular de la Educación Física en Primaria y Secundaria: un análisis desde la perspectiva del profesorado. *Apunts. Educación Física y Deportes*, 98, 23-32.
- Vicente Pedraz, M. (2007). El cuerpo sin escuela: proyecto de supresión de la educación física escolar y qué hacer con su detritus. *Ágora para la educación física y el deporte*, 4-5, 57-90. Recuperado de http://www5.uva.es/agora/revista/4/agora4-5_.pedraz_4.pdf
- Vázquez Gómez, B. (2001). Los fundamentos de la educación física. En B. Vázquez (coord.), *Bases educativas de la actividad física y el deporte* (pp.69-84). Madrid: Síntesis.

Recomendaciones

Materias que continúan o temario

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Aprendizaxe e control motor na educación física e o deporte/P02G050V01102

Educación: Pedagogía da educación física e o deporte/P02G050V01103

Fundamentos da motricidade/P02G050V01204

Xogo motor/P02G050V01105

Socioloxía: Socioloxía e historia da actividade física e o deporte/P02G050V01203

Educación: Epistemoloxía das ciencias da actividade física, o deporte e a educación física/P02G050V01301

Expresión corporal e danza/P02G050V01402

Outros comentarios

Recoméndase:

A asistencia de forma continua ás clases presenciais.

A realización das actividades de avaliación continua.

Prestar atención á temporalización das actividades e traballos do curso.
